

BASES

1. PARTICIPANTES

Poderán participar no “II CIRCUITO DE PIRAGÜISMO EN AUGAS TRANQUILAS DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA”, todos os clubs os clubs da provincia que están a desenvolver a modalidade de augas tranquilas.

En cada unha das regatas que integran este II Circuíto competirán participantes das categorías base dos clubs da provincia con idades entre 6 e 16 anos repartidos nas seguintes categorías e modalidades:

Modalidade	Categorías	Idades (anos cumpridos no 2023)
Kaiak homes	Pre-benxamín	6-8
	Benxamín	10
	Alevín B	11
	Alevín A	12
	Infantil B	13
	Infantil A	14
	Cadete	15-16
Kaiak mulleres	Pre-benxamín	6-8
	Benxamín	10
	Alevín B	11
	Alevín A	12
	Infantil B	13
	Infantil A	14
	Cadete	15-16
Canoa homes	Infantil B	13
	Infantil A	14
	Cadete	15-16
Canoa mulleres	Infantil B	13
	Infantil A	14
	Cadete	15-16

Paracanoe	Cadete	15-16
-----------	--------	-------

Na tempada 2023 os clubs con actividade da modalidade de piragüismo en augas tranquilas da provincia da Coruña son os seguintes:

Club Rías Baixas-Naut.Boiro
Club Grupo Xuvenil de As Pontes
Club Náutico Ría de Betanzos
Club Kayak Mar Ría Muros Noia
Sociedade Deportiva As Xubias
Club Náutico de Cambre
Club Dep.Náutico de Miño
Club Ribeiras do Tambre
Club Cabanas KDM
Club Náutico Firrete
Club Piragüismo Rianxo
Club Piragüismo Narón
Escola de Piragüismo Outes

2. LUGARES E DATAS DE CELEBRACIÓN

As regatas do “ **II CIRCUITO DE PIRAGÜISMO EN AUGAS TRANQUILAS DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**”, terán lugar nunha xornada con unha duración aproximada de 5 horas. As datas serán determinadas pola Deputación previa a proposta da Federación Galega de Piragüismo que as incluírá no Calendario Oficial da Federación.

3.- INSCRIPCIÓN E COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN.

A inscrición se realizará a través da Federación Galega de Piragüismo, podendo inscribir cada entidade un número ilimitado de deportistas.

Os custos inscrición serán de balde para os participantes.

O prazo de inscrición dos participantes para tomar parte no “**II CIRCUITO DE PIRAGÜISMO EN AUGAS TRANQUILAS DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**” iniciárase ao día seguinte da publicación desta bases na páxina web da Deputación Provincial da Coruña, e rematará 7 días antes do inicio da competición **ás 15:00 horas**.

Os equipos participantes enviarán á Federación Galega de Piragüismo o compromiso de participación no “**II CIRCUITO DE PIRAGÜISMO EN AUGAS TRANQUILAS DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**”.

Os participantes deberán estar en posesión de licenza federativa para a tempada 2023, e non existir sobre eles sanción de ningunha clase na data fixada para a inscrición.

Non estarán autorizados a participar os padexeiros/as con licenzas federativas pertencentes a clubs distintos aos participantes.

A substitución, baixa, ou alta dalgunha das entidades participantes deberase comunicar á Deputación con antelación suficiente á realización da regata para autorizar calquera cambio.

Todos os participantes no “ **II CIRCUITO DE PIRAGÜISMO EN AUGAS TRANQUILAS DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**”, polo mero feito de realizar a inscrición aceptan as presentes bases e, no caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da Organización.

4. DESENVOLVEMENTO E NORMATIVA DAS COMPETICIÓNS.

Desenvolvemento:

A competición se organiza nun sistema de Circuito integrado por 6 regatas, que terán lugar na provincia da Coruña.

En cada unha desas regatas competirán as categorías e modalidades sinaladas no apartado 1 (participantes) das presentes bases.

Establecénsese clasificacións individuais e por equipos para cada regata. E unha clasificación final do Circuito por equipos.

Para cada regata se establecerá o percorrido que sexa máis axeitado ao lugar de celebración da regata, tendo como referencia a distancia de 1500 metros para Benxamíns e alevíns, e 3000 metros para infantís e cadetes.

Predominantemente se empregarán embarcacións individuais, pero poderán empregarse embarcacións de dous tripulantes nalgunha das regatas.

A efectos de puntuación para a clasificación por equipos de cada regata do Circuito unicamente se computarán os participantes que entren en meta antes do feche de control establecido para cada regata, modalidade e categoría. Este tempo variará en función da distancia que en cada localidade se poda practicar.

Todos/as os/as padexeiros/as que entren en meta dentro do tempo establecido de control sumaran a puntuación á clasificación final por clubs da regata en función de seu posto de entrada:

Posto	Puntos
1º/1ª	130
2º/2ª	127
3º/3ª	124
4º/4ª	122
5º/5ª	121

Posto	Puntos
6º/6ª	120
7º/7ª	119
8º/8ª	118
9º/9ª	117
Nº/Nª	126-

As embarcacións dobres (K-2 e C-2), puntuarán o dobre que as individuais.

Outorgarase unha clasificación final por clubs en cada regata, en función das puntuacións finais sumadas polos/as integrantes de cada entidade.

E a tenor desta posición, cada club sumará a seguinte puntuación de cara á clasificación final do *“II Circuito Provincial de Piragüismo Augas Tranquilas”* :

1º Club Clasificado70 puntos
2º Club Clasificado67 puntos
3º Club Clasificado65 puntos
4º Club Clasificado64 puntos
5º Club Clasificado63 puntos..etcétera.

A clasificación final por clubs deste do ***“II CIRCUITO DE PIRAGÜISMO EN AUGAS TRANQUILAS DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA”*** realizarase coa suma das mellores **5 puntuacións** nas 6 regatas que o compoñen.

Composición das quendas.

Faranse as quendas necesarias para garantir a participación de todos os participantes na súa categoría nas mellores condicións posibles.

Reunión de delegados.

Terá lugar na nas inmediacións da zona de competición de cada unha das regatas das que integran o **“ II CIRCUITO DE PIRAGÜISMO EN AUGAS TRANQUILAS DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA”**, para o obxeto de confeccionar as quendas. Efectuaráse 1 hora antes de comenzo da proba.

Comité de Competición.

E a máxima autoridade da competición será e estará formado de acordo co artigo 51 del Regulamento Xeral e Técnico de Competicións.

Campo de regata.

Constará dun recorrido que deberá medido e sinalizado por medio de bandeiras ou balizas moi visibles situadas sobre as boias e distribuído o mais axeitado posible co obxeto de adaptar o Campo de regata ás características do emprazamento para unha maior visibilidade da proba. Estará definido e identificado (medidas, traxeto, etcétera) no momento da inscrición das probas.

Balizaxe do Campo de regata.

O club da localidade é o encargado da montaxe do Campo de regata, que disporá dos medios necesarios para poder levar a cabo a devandita balizaxe. A liña de saída e a liña de chegada deberán marcarse con balizas vermellas no punto en que estas liñas corten os límites exteriores do percorrido. O percorrido deberá ser publicado nas bases de cada unha das probas. *(Dependendo da marea nalgúns sitios non se poderá sinalizar ata o mesmo día da proba)*

Normativa:

Serán de aplicación as establecidas nos Regulamentos e Estatutos da Federación Galega de Piragüismo, ou no seu caso, no Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Federación Española de Piragüismo. Só poderán participar clubs da provincia da Coruña.

Seguridade na realización das regatas

A celebración de cada unha das regatas que integran o “ II CIRCUITO DE PIRAGÜISMO EN AUGAS TRANQUILAS DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA” contará con:

Un espazo de estacionamento específico para furgonetas e remolques de embarcacións dos clubs participantes.

Permisos necesarios para o ocupamento tanto do campo de regatas como dos espazos terrestres necesarios para a realización do evento. Así como de restrición do tráfico se fose necesario.

Medidas necesarias para a seguridade e a prevención da violencia dos participantes e persoas espectadoras.

Asistencia sanitaria correspondente a todos os deportistas a través dos mecanismos que se establezan na legalidade vixente.

Seguro de responsabilidade civil derivada dos danos causados aos participantes ou persoas espectadores como consecuencia da organización e da realización da proba.

Seguridade dos deportistas.

En cada unha das regatas:

Se realizará un control previo individual a cada participante das medidas de flotación da embarcación, así como da idoneidade do chaleco salvavidas obrigatorio (talla axeitada, estado de conservación e colocación).

Contará con embarcacións de apoio para organización da proba, e para asistencia de accidentes ou vuelcos que poidan suceder durante a mesma. Alo menos en tres puntos do percorrido.

Disporá de asistencia médica de urxencia no espazo da competición e de transporte urxente a centro médico.. Durante todo o evento.

Contará cun protocolo de evacuación en caso de accidente.

5.- PREMIOS.

En cada regata deste Circuito entregaránse medallas/trofeo ós/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría e modalidade, ademais de trofeos ós tres primeiros clubs.

Todos os trofeos terán que ter ben visible o logo da deputación da coruña

En base ó sistema de puntuación para a clasificación final por clubs sinalado na base 4 (*desenvolvemento e normativa das competicións*) **“II CIRCUITO DE PIRAGÜISMO EN AUGAS TRANQUILAS DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA”**, outorgaranse os seguintes premios, en función da clasificación obtida:

<i>Posto Final club</i>	Importe
1	2.900 €
2	2.450 €
3	2.000 €
4	1.700 €
5	1.700 €
6	1.700 €
7	850 €
8	850 €
9	850 €
10	550 €
11	550 €
12	400 €
13	400 €

Non se concederán premios en metálico de carácter individual.

Os pagamentos dos premios estarán suxeitos ás retencións legais que correspondan.

Para poder optar aos premios da clasificación dos clubs deberán ter participado como mínimo en 4 das 6 regatas que integran o Circuito.

6.- PAGOS.

A Deputación aboará os premios reseñados na base 5 directamente aos clubs participantes, en función da clasificación obtida e á vista da certificación expedida pola Federación Galega de Piragüismo na que se acrediten os resultados das regatas.

Coa finalidade de percibir os premios, que se aboarán mediante transferencia bancaria, os clubs participantes deberán entregar á entidade que resulte adxudicataria do contrato da organización e coordinación do **“II CIRCUITO DE PIRAGÜISMO EN AUGAS TRANQUILAS DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA”** a seguinte documentación:

* Designación da conta bancaria na que se efectuarán os aboamentos, conforme ao modelo normalizado que figura na páxina web: https://www.dacoruna.gal/files/3316/3955/7053/MODELO_DESIGNACION_CUENTA_BANCARIA_GALEGO.pdf

* Número de Identificación Fiscal do club. (só no caso de non tela presentado na Deputación, ou ter sufrido variación).

* Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social e da Deputación Provincial da Coruña, nas que se acredite que está ao corrente nas súas obrigas.

* Enderezo de correo electrónico do club/persoa participante de notificación.

* Autorización á entidade adxudicataria do contrato de coordinación e realización para presentar na Deputación Provincial a documentación requirida para o aboamento do premio.

Bases aprobadas por resolución da Presidencia 2023 / 19354 de 12 de maio de 2023